



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER INTERINO .

Pola presente fanse públicos que o 10/08/2017 na reunión do Tribunal Cualificador na Casa consistorial aos efectos de dar acceso aos opositores o seu exame, acordouse.

Respeto ao documento con Rexistro sede electrónica 201799900000032 presentado por **Dona Berta Lorenzo Pazos**, con D.N.I nº 79328824F:

a) En relación coa alegación na que a opositora indica que a pregunta da aplicación orzamentaria non está no temario, o Tribunal considera que se corresponde co tema da Estrutura presupuestaria.

b) En relación coa segunda alegación na que expón:

.. "había unha pregunta que dicía "en que capítulo de ingresos se incluíría a amortización dun préstamo". Considero que as amortizacións dos préstamos están incluídas no estado de gastos do presuposto e non no de ingresos (artigo 91 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais"

O tribunal considera que a pregunta está correctamente formulada : ¿A qué capítulo do estado de ingresos imputaría a amortización anual dun préstamo?

a) Ao capítulo 6

b) Ao capítulo 8

c) Ao capítulo 9

d) Ningunha das anteriores é correcta.

O tribunal considera que a opción d) é a resposta correcta e que por tanto, estanse a cumprir os requisitos exixidos nas Bases.

c) En relación coa terceira alegación na que a opositora indica que non tivo acceso ao exame, dado que non se lle permitiu levar fisicamente o exame, o Tribunal indica que se repartiron folios en branco e que se permitiu que os opositores copiasen as preguntas do exame e as levasen. Por tanto, os opositores non puideron levar copia física do exame pero si tiveron acceso a copiar o exame. No caso concreto de dona Berta Lorenzo Pazos cónstalle a un dos membros deste tribunal que a opositora copiou as preguntas que considerou oportunas nun folio en branco e as levou.

Non procede, por tanto, alegar indefensión cando a opositora tivo acceso ao contido literal e incluso copiou o exame ,todo, ou en parte, según o seu parecer.

Índicase igualmente que o día 10 de agosto a opositora non exerceu o seu dereito a consultar o exame.

Por tanto, a indefensión non pode ser alegada por quen a provoca, e a alegación da recurrente non é congruente coa súa actuación.

Respeto a dita alegación o Tribunal acorda:

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas por dona Berta Lorenzo Pazos polos motivos expostos.

En relación coa reclamación con Rexistro SIR 201790000000171 de Laura Castiñeira Vilaríño, el 08/08/2017 na que solicita copia por escrito do texto e cadro de resposta do primeiro exame do proceso selectivo o Tribunal resolve:

Segundo: Indicarlle á opositora que o cadro de respostas foi publicado na páxina web

Terceiro: Non remitir copia do exame xa que tivo acceso no día de hoxe ó mesmo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

En relación co documento Rexistro SIR 2017/19875 de 09/08/2017 na que Silvia Freire Rico solicita que le sea enviada copia do exame o Tribunal acorda:

Cuarto: Non remitir copia do exame xa que tivo acceso no día de hoxe ó mesmo.

En relación co escrito RE 1374/17, de 7 de agosto no Dona Sonia Cotelo Pose solicita revisión do exame e aclaracións de dúbidas, a opositora se presenta accedendo o seu exame e séndolle aclaradas as dúbidas.

En relación ao tipo tipo de procesador no que se realizará a proba informática , o tribunal decide que se atén o texto das bases e que ese criterio será fixado o día da elaboración do exame.

Zas, 11 de agosto de 2017.

A Secretaria do Tribunal,

Ángelica Pose Lema

